



Expediente:	03.I.582.2020.002
Código SXPA:	CT 102A 2020/450-0

## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DUNHA PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA PARA O ESTUDO DO IMPACTO SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL DO PARQUE EÓLICO CUNCA (VILAR DE CRUCES, PONTEVEDRA)

### Antecedentes

1.- O 15.06.2020 a sociedade GREEN CAPITAL POWER S.L. remite documentación dun proxecto de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para realizar a actividade arqueolóxica que se describe como segue:

Título do proxecto: **Prospección arqueolóxica para o estudo do impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Cunca (Vilar de Cruces, Pontevedra)**  
Arqueólogo solicitante: **Cristóbal Nodar Nodar** Autor do proxecto: **Cristóbal Nodar Nodar**  
Promove: **Green Capital Power S.L**

2.- O 07.07.2020, logo do exame do proxecto de referencia, o Servizo de Arqueoloxía emite o correspondente informe.

### Consideracións Legais

1.- Os artigos 95 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2.- O Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude dos artigos 3 e 8 do citado Decreto 199/1997,

### RESOLVO:

1.- Autorizar a **Cristóbal Nodar Nodar** na súa calidade de arqueólogo solicitante, para a realización da **Prospección arqueolóxica para o estudo do impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Cunca (Vilar de Cruces, Pontevedra)** que se clasifica como actividade preventiva. O tempo de execución será de **2 días**.

2.- Os traballos suxeitaranse ás seguintes condicións:

a) O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ao remate da actuación, e nun prazo máximo de dez días, presentará un informe valorativo e no prazo de seis meses a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.

b) De apareceren restos arqueolóxicos deberase informar, á maior brevidade posible, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que adoptará as medidas oportunas.

c) Unha copia do conxunto da memoria presentarase en soporte dixital, formato PDF ou compatible, asinada dixitalmente. Así mesmo entregarase, como anexo dixital da memoria, de forma presencial ou telemática, en estándares abertos ou de uso xeneralizado, polo menos os seguintes arquivos nos que estea garantida a interoperatividade:

- Planos da intervención arqueolóxica (plantas, alzados e seccións) en formato compatible con software de SIX e en formato reproducible que non supoña perda de definición ao escalalos. As plantas en arquivos separados e, de ser o caso, integradas no plano topográfico xeral do xacemento
- Fotografías de calidade xerais e de detalle da intervención, debidamente identificadas ou acompañadas dun índice en formato texto.
- Inventario de materiais.

O rexistro e a documentación da actuación arqueolóxica que se presente deberá estar xeoreferenciada ao sistema de coordenadas ETRS89, coa proxección UTM no fuso 29 (código EPSG 25829).

d) No non previsto nesta resolución, observarse o disposto nos artigos 9 a 16 do citado Decreto 199/1997.

3.- Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras lexislacións sectoriais.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE. núm.236, do 02.10.2015).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela a 8 de xullo de 2020

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Insua

